

Lectura do santo evanxeo segundo san Lucas 19, 28-40

Narrador: Naquel tempo, Xesús camiñaba diante dos seus discípulos, subindo cara a Xerusalén. Ao achegarse a Betfagé e Betania, xunto ao monte chamado das Oliveiras mandou a dous discípulos, dicíndolles:

Xesús: -«Ide á aldea de enfronte; ao entrar nela, atoparedes un burriño atado, que ninguén montou nunca. Desatádeo e traédeo. E se alguén vos pregunta: “Por que o desatades?”, dirédeslle así: “O Señor necesítao”».

Narrador: -Foron, pois, os enviados e atopárono como lles dixo. Mentres desataban o burriño, os donos dixéronlles:

Donos: -«Por que desatades o burriño?».

Narrador: Eles dixéronlles:

Discípulos: -«O Señor necesítao».

Narrador: Leváronllo a Xesús e, logo de poñer os seus mantos sobre o burriño, axudaron a Xesús a montar sobre el. Mentres el ía avanzando, estendían os seus mantos polo camiño. E, cando se achegaba xa á baixada do monte das Oliveiras a multitude dos discípulos, cheos de ledicia, comezaron a enxalzar a Deus a grandes voces por todos os milagres que viran, dicindo:

Discípulos: -«*Bendito o rei que vén en nome do Señor! Paz no ceo e gloria nas alturas*».

Narrador: Algúns fariseos de entre a xente dixéronlle:

Fariseos: -«Mestre, reprende os teus discípulos».

Narrador: El, respondendo, díxolles:

Xesús: -«Dígovos que, se estes calan, gritarán as pedras».

Palabra do Señor (Narrador- Xesús-Donos-Discípulos-Fariseos).

Que non te abandone nesta Semana Santa!


Xesús: cando entraches en Xerusalén, clamáronte e aplaudíronte. É posible que algúns nin se decatasen do acontecido aqueles días. Eu non sei o que fixese entón, seguramente coma todos: andaría coas miñas cousas e non pensaría na Boa Nova que viñas darnos. Pero hoxe non me podo calar. Sei que **transformaches a vida** que devolviches a esperanza aos que a perderon. Por iso agora **tócame darche as grazas** por estar ao noso lado, ao meu lado, aínda que ás veces me esqueza. Que este **Domingo de Ramos** e todos os domingos cante “Hosanna”, “Viva Xesús!...”, con toda ledicia. Que o **Xoves Santo** celebre a Cea contigo, sinta ganas de servir a todos e che agradeza o agasallo da Eucaristía. Que o **Venres Santo** te acompañe na túa morte, ao pé da cruz. E que o **Sábado Santo** resucite contigo e me sinta feliz de seguirte, de ser a túa testemuña e de saber que ti vas sempre comigo. Xesús, que **non te abandone nesta Semana Santa**,



**Semana
Santa**

14-04-2019

Domingo de Ramos



**Celebra a SEMANA SANTA:
os que MORREN na Cruz RESUCITARÁN.**

Semana Santa '19



El amor más grande
que puede uno tener
es dar la vida
por sus amigos



VENRES SANTO

Hoxe os nosos ollos fíxanse con dor e agradecemento na cruz. Xesús, torturado e esnaquizado polos poderes deste mundo, **morre na cruz**. Nós permanecemos en silencio ante el. E máis ca nunca, reafirmamos a nosa vontade de seguilo. Porque a cruz de Xesús é a nosa salvación, a nosa esperanza.

Que tarde tan triste: *Xesús, noso amigo, morreu...*

**Celebración da Paixón
e Morte do Señor: ... tarde.**

DOMINGO DE RAMOS

A Semana Santa comeza co domingo de Ramos.

Hoxe **facemos procesión levando nas nosas mans os ramos**: queremos aclamar a Xesús como o noso Deus e Señor.

Ao ler a Paixón acompañamos a Xesús no camiño da cruz con dor e esperanza, xa que resucitará, terá vida para sempre.

**Procesión e bendición de
Ramos: ... da mañá.**



SÁBADO SANTO

Hoxe é o gran día: **Xesús resucitou!, Vive para sempre**. Esta é a **Noite Santa, a Noite da Resurrección**, a noite máis bela de todas.

Pasarémola en vela. Reunidos cos nosos irmáns, renovamos o **noso bautismo** e sentamos na **mesa da Eucaristía**, para vivir unidos con Xesús para sempre.

**Celebración da Vixilia do
Señor: ... da noite**



XOVES SANTO

Acompañamos a Xesús na **Última Cea**, cos seus discípulos.

Alí veremos como Iles **lava os pés** como un signo de servizo e de entrega total. E logo recibimos o regalo da **Eucaristía**, o sacramento da súa presenza viva no medio de nós.

Tamén nos deixa o seu testamento:
o mandamento do amor.

**Celebración da Cea
do Señor: ... tarde**



DOMINGO DE PASCUA

O Domingo de Resurrección ou de Pascua é **a festa máis importante** para os católicos.

Na Pascua celebramos que Cristo segue Vivo entre nós. Sentimos a ledicia de ser cristiáns; transmitimos a forza do amor; poñemos paz e concordia ao noso redor; mostrámonos felices de ter fe; estamos ao lado dos pobres e vivimos a fondo o Espírito que Xesús nos deu.